Traballo de apoio

Sección 4: Fonética e fonoloxía. Os sons da lingua

A) ACTIVIDADES:

1. Localiza e le nos teus apuntamentos o apartado en que se define o concepto de *fonema*; a continuación, vai anotando nun papel os trazos que o caracterizan, referidos á definición, representación, disciplina que o estuda, etc. Fai o mesmo co concepto de *son*. Estrutura os datos de maneira contrastiva, para o cal podes utilizar o seguinte modelo de resposta.

Trazos característicos	Fonema	Son
Definición		
Disciplina que o estuda		
É significativo?		
Detéctase a través da conmutación?		
Represéntase con grafías?		
Sitúase entre barras ou entre corchetes?		
Cantos hai en galego?		

2. Repara en cales son os trazos que se consideran realmente distintivos para a descrición do sistema vocálico e cales para o sistema consonántico. Podes sistematizar a túa resposta elaborando un cadro conceptual como o que segue enchéndoo da maneira máis completa que poidas:

Trazos significativos	Vogais	Consoantes
Punto de articulación		
Modo de articulación		
Acción das cordas vocais		
Acción do veo do padal		

3. A) Procura por algún medio (internet, enciclopedias, atlas lingüísticos, estudos dialectolóxicos, etc.) información relativa a outros sistemas lingüísticos próximos ao noso, por exemplo o castelán ou o portugués. A continuación, anota os fenómenos dialectais de natureza fonética que se describan e que non se utilizan nesa lingua na súa variedade estándar. Esta información servirache para 1) reflexionares sobre esta cuestión e 2) elaborares un pequeno texto en que expoñas o teu parecer respecto da variedade estándar e das outras variedades que se dan no territorio dunha lingua.
B) Se tes oportunidade, busca información relacionada cun fenómeno fonético similar á *gheada* galega: a *gorgia* toscana.

4. Repasa os conceptos de *ditongo*, *tritongo* e *hiato*, e realiza a separación silábica das seguintes palabras: ambigua, delincuente, ensaiei, ensaiou, peite, prouguer.

5. Consulta os apuntamentos e debuxa a estrutura silábica do ditongo da palabra *piadoso*. Así mesmo, indica se se trata 1) dun ditongo explosivo ou implosivo e explica o porqué, e 2) xustifica se se trata dun ditongo crecente, decrecente ou homoxéneo. Fai o mesmo cos ditongos dos seguintes exemplos: auga, partiu e ambiente.

6. Indica para cada unha das palabras do exercicio, *rúa, polea, poleiro, formais, triunfo*: 1) se se trata de ditongo, tritongo ou hiato, e xustifícao; 2) debuxa a estrutura silábica de cada ditongo; 3) indica se se trata dun ditongo crecente, decrecente ou homoxéneo; 4) indica se se trata dun ditongo explosivo ou implosivo. Xustifica cada resposta.

7. Tendo en conta a lista das palabras que se diferencian por posuíren acento diacrítico, que podes consultar nos apuntamentos, e outros casos similares, repara nos tipos de palabras que se che presentan para propoñeres ti un exemplo:

Formas	Tipo de palabra	Exemplo
ca	conxunción comparativa (‘ca’)	
cá	conxunción comparativa (‘ca’) + artigo (‘a’)	
cas	preposición (‘en cas de’)	
cás	conxunción comparativa (‘ca’) + artigo (‘as’)	
có	conxunción comparativa (‘ca’) + artigo (‘o’)	
co	preposición (‘con’) + artigo (‘o’)	
cos	preposición (con’) + artigo (‘os’)	
cós	conxunción comparativa (‘ca’) + artigo (‘os’)	
coa	preposición (‘con’) + artigo (‘a’)	
ca a	conxunción comparativa (‘ca’) + preposición (‘a’)	
ca a	conxunción comparativa (‘ca’) + artigo (‘a’)	
ca os	conxunción comparativa (‘ca’) + artigo (‘os’)	
ca as	conxunción comparativa (‘ca’) + artigo (‘as’)	

8. Observa a lista das palabras que se diferencian por posuíren acento diacrítico, que podes consultar nos apuntamentos. Nela poderás comprobar que é precisamente o acento gráfico o único elemento que permite distinguir entre as palabras. Tendo en conta isto, agora procura información nos apuntamentos sobre os casos xerais de acentuación das palabras polisílabas e realiza un cadro que sintetice toda a información.

Tipo de palabras	Acentuación gráfica	Exemplos

Monosílabas		Nunca, agás nos casos diacríticos	bóla/bola
Polisílabas	Agudas		
	Graves		
	Esdrúxulas		

9. Repasa as normas de acentuación e trata de xustificar razoadamente cada un dos casos que se ofrecen na pregunta, comentando se está ben acentuado e explicando o porqué. Cando atopes a palabra ou palabras incorrectamente acentuadas, sublíñaa e ofrece a forma ou formas correctas: *Fe, Xan, vés, ves, vén, ven, cómpre, compre, móbil, fórceps, canon, lapis, esta, está, si, pór, amabeis, xampú, azuis, cantara, tonico, aínda, por, baúl*.
Se non fixeches no exercicio anterior, realiza un cadro que sintetice toda a información relativa á acentuación gráfica.

Tipo de palabras		Acentuación gráfica	Exemplos
Monosílabas		Nunca, agás nos casos diacríticos	bóla/bola
Polisílabas	Agudas		
	Graves		
	Esdrúxulas		

B) RESPOSTAS:

1:

Trazos característicos	Fonema	Son
Definición	Unidades mínimas da segunda articulación. Sons distintivos (significativos), relevantes ou pertinentes.	Non distintivos. Non relevantes.
Disciplina que o estuda	Fonoloxía	Fonética
É significativo?	Si	Non
Detéctase a través da conmutación?	Si	Non
Represéntase con grafías?	Si	Non hai grafías específicas para eles (por exemplo, gheada)
Sitúase entre barras ou entre corchetes?	Entre barras	Entre corchetes
Cantos hai en galego?	26	Tantos como pronuncias distintas se poidan producir.

Coa realización deste exercicio preténdese que sexas ti mesmo/a quen esquematices ou resumas coas túas propias palabras os contidos de cada aspecto teórico. Por isto, podes optar por modificar esta táboa ao teu xeito, de modo que representes mellor cada concepto complexo da unidade. Ademais, este exercicio tamén trata de facerche ver a utilidade dos recursos esquemáticos e sintéticos para concentrar a información, e o interese que posúen como método de estudo e recuperación da información.

2:

Trazos significativos	Vogais	Consoantes
Punto de articulación	si	si
Modo de articulación	si	si
Acción das cordas vocais	non (son todas sonoras)	si
Acción do veo do padal	non	si (nasalizacións)

Coa realización deste exercicio preténdese que sexas ti mesmo/a quen esquematices ou resumas coas túas propias palabras os contidos de cada aspecto teórico. Por isto, podes optar por modificar esta táboa ao teu xeito, de modo que representes mellor cada concepto complexo da unidade. Ademais, este exercicio tamén trata de facerche ver a utilidade dos recursos esquemáticos e sintéticos para concentrar a información, e o interese que posúen como método de estudo e recuperación da información.

3:

A) a resposta a este exercicio é libre, pois depende do traballo de investigación que realices. O camiño que debes seguir debe ser o máis doado, aquel que te leve a sintetizar ao máximo os datos que consigas. Simplemente limítate a escoller un territorio lingüístico calquera, e anota as variedades ou pronuncias dialectais, cunha breve descrición de cada fenómeno, sen máis. Despois, elabora un pequeno texto en que reflexiones sobre a cuestión dos dialectalismos nas distintas linguas.

B) O máis sinxelo é que o procures en internet ou nun dicionario enciclopédico. Limita a extensión da información a aqueles aspectos que definan a *gorgia*, dean a orixe do fenómeno, o número de falantes (se se sabe) e a consideración social que ten.

4:
Am-/bi-/gua, de-/lin-/cuen-/te, en-/sa-/iei, en-/sa-/iou, pei-/te, prou-/guer

5:



Pia-/do-/so: ditongo explosivo, porque a marxe silábica é prenuclear; ditongo crecente, porque a marxe prenuclear é unha vogal pechada e a articulación do ditongo remata en núcleo silábico aberto (*a*).



Au-/ga: ditongo implosivo, porque a marxe silábica (*u*) é posnuclear; ditongo decrecente, porque a marxe posnuclear é unha vogal pechada (*u*), e a articulación do ditongo parte dunha vogal aberta (*a*).



Par-/tiu: ditongo implosivo, porque a marxe silábica (*u*) é posnuclear; ditongo homoxéneo, porque está constituído por dúas vogais de abertura mínima.



Am-/bien-/te: ditongo explosivo, porque a marxe silábica (i) é prenuclear; ditongo crecente, porque a marxe silábica prenuclear é unha vogal pechada (*i*) e a articulación do ditongo remata en núcleo silábico aberto (vogal *e*).

6:

Rú-/a: é hiato porque as dúas vogais forman parte de distinta sílaba e a feble (*u*) está acentuada.

Po-/le-/a: é hiato porque dúas vogais xuntas forman parte de distinta sílaba. As dúas vogais son fortes (e, a).

Po-lei-ro: ditongo porque as dúas vogais xuntas forman parte da mesma sílaba. Para que se produza ditongo, a vogal débil ou pechada (i) non está acentuada. É ditongo decrecente porque a marxe posnuclear é unha semivogal e a articulación do ditongo vai de máis a menos. É implosivo porque a marxe silábica é posnuclear.

For-mais: ditongo porque as dúas vogais xuntas forman parte da mesma sílaba. Para que se produza ditongo, a vogal débil ou pechada (i) non está acentuada. É ditongo decrecente porque a marxe posnuclear é unha semivogal e a articulación do ditongo vai de máis a menos. É implosivo porque a marxe silábica é posnuclear.

Triun-fo**:** ditongo porque as dúas vogais xuntas, pechadas, forman parte da mesma sílaba ao ser a vogal tónica (núcleo) a primeira delas. É homoxéneo porque se trata de dúas vogais pechadas, e implosivo porque o núcleo silábico precede a marxe.

7:

A execución deste exercicio é de libre creación. Propón os teus propios exemplos tendo en conta as claves que se che ofrecen no apartado "tipo de palabra" do cadro. Consulta o uso correcto de cada forma nos apuntamentos. Por exemplo, no último caso sinalado, conxunción comparativa ('ca') + artigo ('as'), podemos sinalar: *é máis interesante o que nos dixeches ca as propostas presentadas polo candidato.*

8 e 9:

Coa realización deste exercicio preténdese que sexas ti mesmo/a quen esquematices ou resumas coas túas propias palabras os contidos de cada aspecto teórico. Por isto, podes optar por modificar esta táboa ao teu xeito, de modo que representes mellor cada concepto complexo da unidade. Ademais, este exercicio tamén trata de facerche ver a utilidade dos recursos esquemáticos e sintéticos para concentrar a información, e o interese que posúen como método de estudo e recuperación da información.